

SABORES CON ACENTO DE SEU

TÉMOLO AQUÍ, DO NOSO,
MELLOR EN GALEGO!

A lingua e a economía galega deben ir da man. Cómpre abrílle ao noso idioma novos ámbitos de uso para que a súa normalización sexa real. A economía precisa dunha lingua que a identifique, que certifique a súa denominación de orixe, para darlle personalidade propia nos mercados da globalización. Empresarios e consumidores precísanse mutuamente para crear unha conciencia de país da que todos nos sintamos orgullosos. Fagamos posible unha Galicia próspera, dona de seu no mosaico da diversidade dos pobos.



ETIQUETADOS EN GALEGO

SABORES CON ACENTO DE SEU
COMO TEN QUE SER!



ETIQUETADOS EN GALEGO

SABORES CON ACENTO DE SEU
COMO TEN QUE SER!

ETIQUETADOS EN GALEGO

O sector agroalimentario galego ten demostrado estar ao máis alto nivel respecto da calidade e seguridade alimentaria dos produtos que ofrece no mercado, podendo competir de igual a igual con calquera outro país.

Neste compromiso coa calidade, ten feito unha aposta decidida polo aproveitamento sostible dos recursos naturais e pola recuperación de especies, razas e variedades tradicionais adaptadas ao noso hábitat, que permiten dar aos nosos produtos e ás nosas elaboracións unha personalidade propia, ligada ao noso clima e territorio, polo tanto inimitable.

Como garantía de orixe e singularidade, moitas das nosas explotacións agrarias, pequenos negocios artesanais e distintas industrias transformadoras e elaboradoras teñen dado un paso máis, etiquetando os seus produtos en galego. Tamén algunhas empresas de comercialización e distribu-

ción optaron por rotular os seus negocios e facer as súas campañas de publicidade en galego.

Pero a iniciativa privada, que busca a excelencia nas súas elaboracións ao tempo que desenvolve as súas iniciativas en sintonía coa nosa singularidade e incorpora outros valores inmateriais aos seus produtos, precisa de persoas consumidoras responsables e solidarias. Por iso, cando eliximos os produtos a consumir, temos a opción de escoller aqueles que están a manter unha economía sostíbel e que xeran riqueza, valor engadido e emprego de proximidade, ao tempo que axudan a manter viva unha cultura, unha lingua e unha forma de ser.

Temos un deber responsable á hora de decidir por que produtos optamos, coa conciencia de que os produtos galegos contribúen ao noso desenvolvemento económico, permiten fixar poboación e garanten a pervivencia do noso país. E temos un deber solidario con aquelas persoas emprendedoras que deron o paso arriscado de

etiquetaren en galego as súas elaboracións ou utilizan o noso idioma na súas campañas de promoción e comunicación, colaborando no mantemento dos nosos valores identitarios.

Cando temos opción de escoller, podemos optar por aqueles produtos galegos que ademais utilizan unha lingua que queremos manter viva.

**Etiquetados en galego
Como ten que ser!**

